

TAREA INGLÉS 1ª ESO 14-24 ABRIL

Ola a todos!as!

Despois destes días de descanso (malia que non foron unhas vacacións coma sempre) temos que retomar as tarefas no ámbito escolar.

Pídvos que despois de facer as tarefas no caderno ou en folios ou se as fotocopiedades, nas propias fotocopias, lles faigades fotos a cada folla da libreta ou folio e mas enviades ao meu correo:

secochao@edu.xunta.es

Desde os vosos teléfonos podedes enviarmas ao meu correo. Mirade que se vexan ben para que eu poida corrixir. Anotade ben a páxina e o número de exercicio para facilitarme a corrección, por favor. Despois eu corríxoas e devólvolas o voso correo coas correccións.

Para estes 10 días, do 14 ao 24 de abril, ides ir facendo as tarefas seguintes:

TEMA 6

1. Trátase dun tema sobre a COMIDA E A SAÚDE. Así que ides ler as páxinas 58 e 59 do voso libro de texto e facer o WORLD FOOD QUIZ. (Se tedes dúbidas de vocabulario, tedes que consultar un diccionario ou ir a WORDREFERENCE que é un diccionario online, que xa temos consultado algunha vez nas clases. Ali teredes todas as acepcións das palabras moi ben explicadas e con exemplos).
2. Facer o EXERCICIO 1 da páxina 59. (Temos que prescindir do listening para corrixir)
3. Facer o EXERCICIO 3 da áxina 59.
4. Facer o EXERCICIO 2 da páxina 60. Trátase de poñer as preguntas do a-f nos espazos marcados en vermello cos números do 1-6 na lectura THE SUMO DIET. Aconséllvos tomar nota do vocabulario novo que vaia aparecendo tanto nas lecturas como nos exercicios e ir aprendendo o significado das palabras novas).
5. Envíovos tamén outros documentos con VOCABULARIO e crucigramas de frutas, verduras, comidas e bebidas para repasar o vocabulario. Para resolvelo, se non tedes como fotocopialo, vale igual se poñedes no caderno os números e as palabras que corresponden a cada espazo, por exemplo,
1. apple 2. cabbage.....

NOTA IMPORTANTE:

Lembrede que debedes mandarme as fotos dos vosos exercicios (que podedes facer co móbil) ao meu correo secochao@edu.xunta.es

Se alguén de vós non ten ordenador ou non podedes enviarme os exercicios, podedes comunicalo por tf ao instituto e xa arranxaremos a situación da mellor maneira posible.

Moito ánimo para todos e a ver se resolvedes as tarefas ben. Agardo por elas!